



Guía Docente				
Datos Identificativos				2019/20
Asignatura (*)	Teoría da Intervención Contemporánea		Código	630G02061
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Quinto	Optativa	4.5
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición			
Coordinación	Agrasar Quiroga, Fernando	Correo electrónico	fernando.agrasar@udc.es	
Profesorado	Agrasar Quiroga, Fernando	Correo electrónico	fernando.agrasar@udc.es	
	Paz Agras, Mari Luz		luz.paz.agras@udc.es	
Web	http://etsa.udc.es/web/			
Descrición xeral	A asignatura propón o estudo dun conxunto de casos dunha selección de obras arquitectónicas que sexan o resultado dunha intervención sobre o construído. Todos estes exemplos foron proxectados dende a segunda metade do século XX ata os nosos días. O conxunto de arquitecturas seleccionadas e o ideario dos seus autores, analizado a través dos seus textos, permiten unha aproximación á TEORÍA DA INTERVENCIÓN CONTEMPORÁNEA. As clases maxistras e o taller da asignatura parten da concreción da obra, a través da súa análise, para formular as ideas fundamentais que soportan as decisións de proxecto.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias do título
			A68
			B1
			B2
			B3
			B4
			B5
			C7
			C8

Contidos	
Temas	Subtemas
1 Tema introdutorio: O valor do pasado, das teorías do XIX á negación da modernidade	- A conciencia do valor do existente: Alberti e Michael Angelo - Os dous polos dialécticos do XIX: Ruskin e Viollet - A ahistoricidade moderna
2 Carlo Scarpa: a narratividade secuencial e o valor do detalle singular	- Análise do Castelvecchio de Verona - Análise do Palazzo QueriniStampalia
3 Lina Bo Bardi: o espazo vivido	- Análise do CESC Fábrica Pompéia - Análise das intervencións en Salvador de Bahía - Análise do Teatro Oficina
4 Alison e Peter Smithson: orde conglomerado e signos de ocupación	- Análise comparado das vivendas dos Smithson - Análise do Solar Pavillion - Análise da Hexenhaus



5 Gordon Matta-Clark: a arte como instrumento de intervención arquitectónica	- As intervencións de Matta-Clark e as súas consecuencias arquitectónicas. - Análise de Orange Caribbean
6 Rem Koolhaas: o arquitecto como ?curator?	- Análise da Fondazione Prada - Análise da intervención no Hermitage - Cronocaos: teoría da intervención contemporánea
7 Conclusión e recapitulacións: outras experiencias e teorías	.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Obradoiro	B2 B3 C3	15	45	60
Proba mixta	B1 B4 B5 C1	3	16.5	19.5
Sesión maxistral	A68 C4 C5 C6 C7 C8	30	0	30
Atención personalizada		3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro	Modalidade formativa orientada á aplicación de aprendizaxes na que se poden combinar diversas metodoloxías/probas (exposicións, simulacións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas, etc) a través da que o alumnado desenvolve tarefas eminentemente prácticas sobre un tema específico, co apoio e supervisión do profesorado.
Proba mixta	Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas. En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro	Os traballos consistirán na análise de propostas arquitectónicas en relación ao temario do curso. Os traballos serán en grupos de tres alumnas-os.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Obradoiro	B2 B3 C3	Os traballos, realizados en grupo, terán unha cualificación máxima de 2 puntos. Será preciso ter entregado os traballos para superar a asignatura.	20
Proba mixta	B1 B4 B5 C1	Un exame ao final do cuatrimestre, referido á totalidade de todos os contidos do curso. A este exame corresponderá un 80% da cualificación final. No mesmo, é preciso acadar unha cualificación de 4 (sobre un máximo de 10) para poder superar a asignatura e poder facer media cos traballos.	80

Observacións avaliación



A asistencia regular á clase (80% mínimo) é imprescindible para realizar o obradoiro e a proba mixta.

Para concorrer á segunda oportunidade de cada convocatoria será imprescindible ter entregado, na primeira, o traballo desenvolvido durante o curso e revisado polo profesorado da asignatura. Este traballo tutelado pode ser ampliado e correxido para ser reavaliado na segunda oportunidade.

Fontes de información

Bibliografía básica

- SOLÁ-MORALES, Ignasi de (2006). Intervenciones. Barcelona: GG
- SEMI, Franca (2010). A lezione con Carlo Scarpa. Venecia: Cicero
- BO BARDI, Lina (1996). Lina Bo Bardi. Sao Paulo: Imprensa Oficial
- BO BARDI, Lina (2014). Por escrito. Textos escogidos 1943-1991. México DF: Alias
- SMITHSON, Alison y Peter (2001). The charged void: Architecture. Nueva York: The Monacelli Press
- CORBEIRA, Darío (Ed) (2000). ¿Construir... o deconstruir? Textos sobre Gordon Matta-Clark. Salamanca: Ediciones Universidad de Salamanca
- KOOLHAAS, Rem (2014). Preservation is overtaking us. Nueva York: GSAPP Books

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Teoría da Arquitectura/630G02025

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías